



## A Carta aos Hebreos. Unha relectura existencial do sacerdocio de Xesús

---

Carme Soto Varela<sup>1</sup>

A memoria cristiá recollida nos escritos canónicos reflicte o rico e plural camiño que percorreron as primeiras xeracións para responder á pregunta sobre Xesús de Nazaré e o significado salvador da súa vida. A súa mirada poliédrica non deixa de sorprendernos pola súa diversidade e, mesmo, ás veces podemos sentir certo malestar ante as diferenzas que observamos entre as súas propostas. A carta aos Hebreos é quizais o texto co que máis distancia sentimos, pois non só é un dos máis difíciles de comprender para os lectores e lectoras de hoxe, senón que, de entrada, é o que parece máis afastado, literaria e teoloxicamente, do resto.

O autor pon no centro do seu discurso o tema do sacerdocio para explicar a identidade de Xesús e a súa misión salvífica. Isto parece contradicirse coa distancia que Xesús toma en relación co culto do templo e con outras prácticas relixiosas da súa tradición, tal e como nolo presentan os Evanxeos<sup>2</sup>. Ademais, aínda que moi pronto se utiliza o imaxinario do sacrificio de expiación para explicar a morte de Xesús e o seu valor salvífico, non se empregan as categorías sacerdotais como o fai Hebreos. Así o podemos ver nos escritos auténticos de Paulo ou na teoloxía do cristianismo xudeu-helenista de Antioquía<sup>3</sup>.

---

1 Biblista. Licenciada en Historia contemporánea e Doutora en Teoloxía.

2 É significativo o relato da expulsión dos mercadores do Templo que aparece nos catro Evanxeos (especialmente en Xn 2, 13- 22) ou a actitude crítica que mostra Estevo cara ao templo de Xerusalén (Feitos 7, 1-54).

3 Cf. GIL, Carlos. La primera generación fuera de Palestina. En AGUIRRE, Rafael (Ed.) *Así empezó el cristianismo*, Verbo Divino, 2010, p. 45-147.